

Francisco Castro

O CEMITERIO DE BARCOS



Á memoria de Xulio Amigo.

*Te vas porque yo quiero que te vayas,
a la hora que yo quiera te detengo,
yo sé que mi cariño te hace falta
porque quieras o no
yo soy tu dueño.*

LUIS MIGUEL: “La media vuelta”

DIARIO DE PISCIS

Onte foi San Valentín. A verdade é que non imaxinaba que L. puidese ser tan detallista. Ten fama de animal e pouco delicado, e entendo que dá esa imaxe porque se non os outros tíos non o respectan, pero o do pastel de amorodos con forma de corazón foi un puntazo. Morrín de amor.

Fixémolo despois. E desta volta foi tenro. Ou algo máis que outras veces.

Vou respectar iso que me dixo de que non llo diga a ninguén nin suba a foto a Instagram, como lle dixen que ía facer. O da torta, digo.

Meréceo.

É certo que ás veces, cando se enfada comigo, rompe cousas. Pero o seu pouso é bo. Foi o mellor San Valentín da miña vida.

- **N**on poñas esa cara de cu, David. No fondo eu sei que che gusta ir. Temos un mes por diante para estar xuntos e, na medida do posible, pasalo ben! Así que fai un pouco por animarte, que son as miñas vacacións!

“Si, son as túas vacacións, pero tamén son as miñas”, pensou David. Pero a ver quen lle dicía nada. Todos os anos igual. Todos os veráns a mesma canción, polo menos dende había dezaseis anos. Porque dende que ten memoria pasa o verán alí con el, e antes tamén con Ánxeles, a súa nai, cando eles estaban aínda xuntos. Agora, tras o divorcio, do que xa se fan tres anos, pasa un mes do verán con cada un. E o mes con el, inexorablemente e sen perdón posible, teñen que pasalo alí, no Con da Saínza, a vila onde naceu, ou a “Terra Prometida”, como lle gustaba a el dicir, téndose polo tipo máis gracioso do mundo.

Cando era pequeno aínda lle facía chiste ir. Mais agora aborrece aquel lugar. Daquela aínda tiña un xeito. Incluso lle facía ilusión porque O Con da Saínza era praia todo o tempo, e excursións ao monte, e comer fóra case que a diario, e todas esas cousas que cando es un cativo e fas cos pais aínda che prestan. Pero agora non.

Cando era neno os veráns eran tres meses infinitos de lecer cheos de días longos que non remataban nunca. O tempo era eterno. Agora as vacacións non lle chegan a nada. Sobre todo se ten que botar un mes naquela vila esquecida de Deus.

Unha semana antes do fatídico día en que tocaba marchar para alá, cando empezou a ver nos seus ollos aquela expresión de ilusión parva que se lle poñía a medida que se achegaba o 1 de agosto, tentou zafarse e preguntou se podía quedar só no piso. Iso si que lle prestaría. Un mes el soño no piso. Un mes en liberdade sen pai, sen nai, sen obrigas de ningunha clase. Díxollo e el respondeu o esperable, ou sexa, que non.

—Alí pasámolo ben, David. Non sexas rabudo.

O Con da Saínza é todo para seu pai, así que aínda que de verdade lle dixese que non o pasa nada ben, que ese mes é unha condena, el tampouco ía ceder. Porque para el o mes de agosto no Con da Saínza é innegociable. Alí naceu e alí viviu ata que marchou á cidade para estudar Medicina. Foise logo de fartarse de pelexar coa xente de alí, sobre todo co alcalde, un cacique vil, dono de media vila —e da vida de media vila, porque a quen non enchufou no Concello axudouno a conseguir un crédito para unha empresa, ou encomendoulle algunha obra para o consistorio, ou concedeuille calquera outra cousa para que lle debesen para sempre o favor—. É un tipo ruín que manda por completo naquel concello, axudado polo miserable silencio de todos os demais. Un cacique que fixo cantas hai, sempre no seu beneficio, e a quen a xustiza non pillou nunca a pesar de que as irregularidades cometidas dende a alcaldía son de dominio público. Nunca o colleron e seica xamais o van pillar en nada. En voz baixa todo o mundo fala de subornos a policías, a xuíces e a quen faga falla. É un político deses que están en todos os sarillos, que manda moito e que, en definitiva, controla todo o que se move nos seus dominios.

Seu pai tenlle unha xenreira que vén de moi atrás, e David non sabe moi ben cal é o motivo dese odio visceral, que lle consta que é correspondido polo alcalde, pois ben se lles nota cando coinciden no bar da vila ou pola rúa. Saúdanse, pero non se miran. Saúdanse coa boca pechada e sen gana. Saúdanse por educación e porque hai xente diante. Hai unha tensión evidente, viscosa e molesta que o enche todo cando están xuntos baixo o mesmo teito. Non se entenderán nunca. Aos ollos de seu pai, o alcalde é un cacique sen escrúpulos. Aos ollos do alcalde, seu pai é un alborotador, unha molestia. Segundo lle contara algunha vez, aínda que moi por enriba, se el non é médico alí, como de verdade lle gustaría, é porque o alcalde se encargou persoalmente de que non lle desen a praza, cando a solicitara para traballar no centro de saúde. Seica moveu fíos nas altas esferas para que non o destinasen nunca alí, malia que tiña puntos máis que sobrados para conseguir esa praza con todo o dereito do mundo. Así que non lle quedou máis remedio que sacala no hospital da cidade, e alí traballa o ano enteiro contando os días que faltan ata que pode coller o coche e arrancar para a vila. Chega en apenas 45 minutos, grazas á autoestrada e á vía rápida. De feito, en canto principia a primavera, achégase incluso todas as fins de semana, e David queda coa nai aínda que non lle corresponde.

Así pois, como cada verán dende a orixe dos tempos, partiron cara ao Con da Saínza co coche cheo ata arriba con todas as maletas que tiñan pola casa, e coa intención de aguantar o mes enteiro sen ter que ir mercar nada, agás comida; aínda que, en realidade, na casa que alugaban para se aloxaren durante aqueles trinta días (sempre a mesma dende había anos), pouco máis que o almorzo facían. Estaban todo o tempo fóra, en especial o pai, toda a xornada visitando a estes, a aqueles e, sobre todo, facendo vida no bar, ou saíndo a navegar con algún amigo, ou a correr pola mañá,

ou a nadar antes de almorzar. (É un vigoréxico, ou sexa, un tipo deses que fan deporte a diario e que se manteñen en forma a pesar da idade. O resto do ano é dos que vai cada noite antes de cear á piscina do ximnasio de debaixo da casa a nadar un par de horas sen faltar nunca.)

David pode entender que teña aquel sitio idealizado e que lle pareza o mellor do mundo. De feito, non nega que é un lugar fermoso, dos máis lindos que coñece, alí sobre a ría, resgardadiño das correntes, dos fríos e da calor. Pero tamén está resgardado do paso do tempo. E non o di el, senón o propio pai, que presume de que aquel lugar sempre está máis ou menos igual a como el o recorda dende neno, e que iso é “parte do seu encanto”. E David non llo discute. Niso si que van estar de acordo toda a vida. O Con da Saínza debe de estar como na Idade Media ou no Plistoceno, ou incluso máis atrás. As cousas, alí, nunca cambian. Alí todo segue sendo identicamente igual dende antes dos tempos dos tempos e dos tempos. Co mesmo alcalde dende hai trinta anos. No bar hai un calendario dunha serie de televisión de 1984! E a última vez que pintaron as liñas da estrada debeu de ser cando a tele era aínda en branco e negro.

—Que é o que hai alí, papá? —preguntoulle cando xa arrancaban no coche e nun derradeiro intento desesperado, implorando a súa clemencia ou, polo menos, buscando que sentise un chisco de pena por el. O pai levaba debuxado na cara un sorriso infantil e feliz.

Fitouno de esguello, atento á entrada na autoestrada.

—Que que hai no Con da Saínza? —sorriu máis aínda—. Estás de broma, non é?

Esa foi toda a resposta. Que se estaba de broma. Porque tes que estar de carallada se suxires que aquela viliña insignificante perdida no medio do mapa non é o mellor lugar do mundo.

Tiña tantas ganas de ir a aquela vila como de que lle desen un balonazo nese sitio...

No Con da Saínza hai un bar, unha praia —pequena, cando hai mareas vivas nin area queda onde pousar unha toalla—, un estaleiro derruído, un monte de piñeiros, toxos e silvas, unha fábrica de salgas e unha estrada que atravesa a vila polo medio e que debería estar arranxada hai mil anos polo menos. O resto das rúas son caellas polas que non cabe un coche e polas que case que nunca se ve xente, agás o derradeiro venres de cada mes, cando hai feira, e de súpeto aparecen milleiros de persoas que vai ti saber de onde saíron.

(En realidade non é así. Así é *como el diría que é* O Con da Saínza. En realidade, é unha vila mariñeira semellante a moitas das que hai espalladas por toda Galicia. Ademais do bar, hai unha xadería, unha sucursal da caixa de aforros, un centro de saúde que ofrece asistencia a varios concellos da bisbarra, unha igrexa grande e moi antiga, o colexio... Unha vez o pai díxolle que eran arredor de 1.000 habitantes. Serían. A el parecíanlle moitos menos.)

—Iso é porque o ves con malos ollos. Fai por animarte, anda. Son as miñas vacacións! Xa que me acompañas, fai o posible por estar ben, vale?

E volta e dálle... “Xa que me acompañas...” Coma se fose posible non acompañalo...

—Chegamos!

Un piloto de avión que aterraxe no medio dun temporal e lle salvase a vida a toda a pasaxe non apagaría o motor con máis alegría.

A onde chegaran era á casa de sempre, situada xusto á beira do camiño principal, precisamente, no número 29 da rúa principal. Atrás quedara o bar de Vicenta, o merendeiro e o cartel de BENVIDOS AO CON DA SAÍNZA, grande coma se entrasen en Nova

York. Era unha casa sinxela e, para eles, máis que suficiente, dunha única planta. Ano tras ano alugábanlla á señora Isabel, que era dona, polo menos, doutras dúas máis na vila, e facía un bo negocio grazas a veraneantes tan fieis coma eles.

Un neno pequeno en traxe de baño, duns cinco anos, daba patadas a un balón contra a parede, e non se vía a ninguén máis nin por un lado nin polo outro.

Aquel era o Sitio Máis Solitario do Mundo.

—Veña, axúdame coas cousas.

Morto de noxo, sacou o móbil do peto dianteiro para metelo detrás. Ao tocalo, iluminouse a foto en que aparecían Andrea e mais el.

—David. Haiche máis mozas no mundo. Superarás o de Andrea. Coma eu o de túa nai.

O rapaz gardou o móbil.

—Haberá máis mozas, non che digo que non. Pero nesta vila xa che digo eu que non as hai. Ou se as hai e son listas seguro que liscaron de aquí para sempre.